

Encontros Plambe

Curso 2024-2025

20 de marzo de 2025

Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia

Santiago de Compostela

PERSOAS RELATORAS

Rosa Tabernero Sala



Rosa Tabernero Sala é Profesora da área de Didáctica da Lingua e a Literatura da Universidade de Zaragoza (<https://orcid.org/0000-0002-2332-5807>), onde ocupa o cargo de Investigadora Responsable do Grupo de Investigación de referencia ECOLIJ (*Educación comunicativa e literaria na sociedade da información. Literatura Infantil e Xuvenil e construción de identidades*).

Dirixe o Máster Propio en *Lectura, libros e lectores infantís e xuvenís* da Universidade de Zaragoza (<http://www.literaturainfantil.es/>) e o Título de Experto en *Literatura Infantil e Xuvenil de Latinoamérica e Caribe* (<https://www.literaturainfantil.es/titulo-experto/>) na mesma universidade. Ademais dirixe a colección de Prensas Universitarias de Zaragoza *[Re]pensar a educación*.

É autora de monografías e artigos que versan sobre o discurso literario infantil e xuvenil e a formación de lectores nas súas diferentes perspectivas e dirixiu, neste ámbito, numerosos proxectos de investigación, innovación e transferencia.

Na actualidade é a Investigadora Principal do proxecto I+D+i: *Lecturas non ficcionales para a integración de cidadás e cidadáns críticos no novo ecosistema cultural* (LENFICEC) PID2021-126392OB-I00, no marco do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023.

Que foi do lector curioso? De libros e álbums ilustrados de non ficción

Na actualidade, o libro ilustrado de non ficción ou a literatura de non ficción móstranse como o ámbito de maior vitalidade no panorama editorial. Cabe, por tanto, preguntarse polas causas deste feito e convén, unha vez identificado o contexto, profundar na concepción do libro infantil de non ficción, no seu sentido na sociedade dixital e no diálogo que establece este tipo de obras co seu tempo. Así mesmo urxe afondar nos retos aos que a mediación se enfrenta no espazo escolar.

Montse Pena Presas



Montse Pena Presas é profesora da Área de Didáctica da Lingua e da Literatura na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciada en Filoloxía Galega (USC) e Máster en Edición (USAL), en 2016 doutorouse pola USC coa tese *"Feminismo, xénero e coeducación na literatura infantil e xuvenil: historia crítica e aplicación didáctica"*.

A súa investigación está moi centrada na literatura infantil e xuvenil contemporánea, cun foco específico na educación literaria e nos estudos de xénero. Así, ten publicadas dúas monografías sobre esta cuestión: a biografía de María Victoria Moreno, *A voz insurrecta* (2018) e *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia* (2018).

Dende 2021, forma parte dos proxectos de investigación arredor dos libros ilustrados de non ficción financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación liderados por Rosa Taberero, polo que os seus últimos traballos se orientan cara a este ámbito.


Como crítica literaria, colaborou durante varios anos en distintos medios, como o "Faro da Cultura" do *Faro de Vigo*, *Nós Diario* ou o *Diario Cultural da Radio Galega*. En 2022 comisariou a exposición "*Unha árbore de historias: cen anos de literatura infantil galega*", organizada pola Biblioteca de Galicia.

A competencia lectora na sociedade actual. Retos, desafíos e algunhas propostas para as aulas

A conferencia explorará o concepto de competencia lectora, contextualizándoo na sociedade actual e en relación con outros termos vencellados con ela, como os de comprensión lectora e competencia literaria.

Ademais, reflexionará sobre como se adoita ler na escola, as esixencias que establecen os marcos curriculares para o ensino obrigatorio ou os retos que se presentan tendo en conta as necesidades do lectorado en formación do S. XXI. Asemade, proporanse algunhas claves para tentar mellorar esta competencia a través do establecemento de itinerarios lectores para as etapas de Primaria e Secundaria.

Piu Martínez López



Técnico diplomado en Biblioteconomía e Documentación e máster en Edición. Bibliotecaria, catalogadora, libreira e formadora de adultos en mediación lectora e divulgación do álbum ilustrado.

O últimos quince anos centrou o seu labor no sector editorial como editora freelance, scout e directora da colección Libros Asombrosos da editorial sevillana Barrett.

É cocuradora da actual edición do Festival Literario infantil Món Llibre (Institut de Cultura de Barcelona). Deseña, desenvolve proxectos e imparte formación sobre literatura infantil, educación literaria, visual e mediación lectora para diversas institucións culturais.

+ Info: <https://piumartinez.com>

O fotoálbum: Pasado e presente da edición da fotoliteratura destinada á infancia e á xuventude lectora

A finais do século XIX empezaron a introducirse os primeiros libros ilustrados fotograficamente para nenos. A súa expansión viuse alentada por acontecementos como a introdución gradual das leis de escolarización obrigatoria. Desde entón ata o relativamente recente fenómeno do *"fotolibro"*, a fotografía utilizouse para ilustrar unha gran variedade de xéneros literarios.

A través deste pequeno itinerario crono-bibliográfico observaremos, ademais, como o seu uso na literatura infantil está estreitamente relacionado coas ideas e cambios na concepción da infancia, e como estes repercuten na representación que dos nenos e mozos faise en función das transformacións sociais e do xurdimento de novos hábitos e prácticas culturais.

Víctor Villapalos Pardiñas



Especialista en xestión documental e en xestión hospitalaria, desde 2015 é director-xerente da Sociedade Española de Documentación e Información Científica (SEDIC), principal asociación de profesionais especializados na xestión da información e da documentación en España. Actualmente, cursa un doutoramento na Universidade Complutense de Madrid que analiza o impacto da intelixencia artificial no campo da xestión da información e da documentación.

Compaxina o seu labor na SEDIC con proxectos relacionados coa automatización de unidades de información, entre os que destaca o Arquivo Histórico Provincial da Congregación de Relixiosas de Jesús-María co que colabora desde 2015. Ademais, imparte cursos de formación e talleres sobre intelixencia artificial no campo da xestión documental, sobre xestión de contidos e deseño web.

Intelixencia Artificial: Unha mirada crítica

A Intelixencia artificial (IA) vai transformar a sociedade nos próximos anos. Especialmente, prevese un gran impacto en profesións relacionadas coa xestión de información e a documentación. Con todo, non pode entenderse simplemente como un avance tecnolóxico. Trátase dun cambio de paradigma moito máis profundo que alterará como nos relacionamos coa información e como adquirimos coñecemento.

Ademais, aínda se descoñecen as implicacións asociadas ao seu uso continuado ou o impacto que terán na sociedade os procesos de automatización masiva que se esperan a medio prazo. Por iso, resulta imprescindible coñecer en profundidade que vantaxes ofrece e que importantes desafíos e inconvenientes expón.

